



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 1 DE SETEMBRO DE 2014

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día un de setembro de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa dona Marta Maria Vázquez Golpe.

Intervén, como secretaria accidental, dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesións ordinarias de datas 18 e 25 de agosto de 2014

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 18 e 25 de agosto de 2014 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou os citados borradores.

2º.- Correspondencia

- Resolución do 25 de agosto de 2014, da Secretaría Xeral da Emigración, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se amplían os prazos de presentación de solicitudes e de xustificación da Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma galega das persoas galegas retornadas e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (Diario Oficial de Galicia número 165, do día 1 de setembro de 2014).

- Resolución de 22 de agosto de 2014, do Servicio Público de Empleo Estatal, Ministerio de Empleo y Seguridad Social, pola que se acorda a tramitación de urxencia ao procedemento

C.I.F. P-1501700-G

administrativo iniciado por Resolución de 20 de agosto de 2014, pola que se aproba a convocatoria para a concesión, con cargo ao exercicio orzamentario de 2014, de subvencións públicas para a execución dun programa específico de ámbito estatal de mellora da empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional de mozos menores de trinta anos (Boletín Oficial do Estado número 211, do día 30 de agosto de 2014).

- Escrito de don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro do grupo municipal de Esquerda Unida, rexistrado de entrada co número 0/6608 o día 26 de agosto de 2014, no que comunica que, por motivos persoais, permanecerá ausente do termo municipal dende os días 30 de agosto ao 6 de setembro, ambos os dous incluídos.

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que a semana pasada se recibiu no rexistro de entrada o proxecto para a substitución do T.P. (céspede sintético), do campo de fútbol do Dani Mallo e xa se lle remitiu á Deputación provincial da Coruña para conceder a subvención.

A seguir informa que nos vindeiros días se iniciará a contratación da ampliación da pista deportiva situada ao lado do Eroski, na parroquia do Temple. Engade que conta cunha subvención da Deputación provincial por un importe aproximado de 5.700 euros.

Igualmente informa que esta semana se iniciarán as obras de reparación da cuberta do polideportivo Sofía Toro, de Cambre, dado que estaba movida e tiña filtracións.

A continuación, don Fernando Caride Suárez informa que a semana pasada se abriron os sobres para a contratación do director da obra de reforma da piscina da Barcala. Engade que se está a redactar o informe de adxudicación.

Informa tamén que a volta ciclista a España pasará polo concello de Cambre, polo lugar de Aián, na parroquia de Sigrás, o día 10 de setembro de 2014, sobre as 15,45 horas.

Igualmente informa das seguintes actividades: o día 6 de setembro terá lugar a edición número XIV do Open mini BTT Concello de Cambre. O día 15 de setembro terá lugar o primeiro torneo softwall feminino Concello de Cambre, na Barcala. O día 4 de outubro terá lugar a X xornada de kung fu no polideportivo Sofía Toro.

A continuación don Fernando Caride Suárez informa que comeza o día 26 de setembro o curso de monitor actividades de tempo libre cun total de 25 alumnos.

Tamén informa que dende o luns día 1 de setembro ata o venres día 5 de setembro terá lugar a inscrición para a actividade ruta CVII Illas Sisargas que se realizará o día 13 de setembro de 2014, dentro do programa “vente de marcha 2014”.

Para rematar a súa intervención, don Fernando Caride Suárez informa que dende o luns día 1 de setembro ata o venres día 5 de setembro terá lugar a inscrición para a actividade de finde de surf que se realizará os días 20 e 21 de setembro dentro do programa “este finde teño plan”.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que durante esta última semana se contratou un axente de protección civil. Engade que se incorporará o vindeiro día 15 de setembro. Igualmente informa que se iniciou a contratación dun animador cultural.

A seguir, informa que en canto se incorpore o novo interventor o día 8 de setembro deste ano se redactarán as bases para a contratación dun técnico de xestión financeira para o departamento de intervención e un técnico de xestión de administración xeral para o departamento de contratación.

Tamén informa que se remitiron para publicar no boletín as bases da funcionarización do perosal laboral do concello.

Para rematar a súa intervención, don Felipe Andreu Barallobre informa que se redactou o borrador do concurso para cubrir definitivamente o posto de xefe de SAC, que presentará á mesa de negociación.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que a semana pasada se resolveu o problema dos desbordamentos do río ao seu paso por Cela.

Así mesmo, informa que por parte de Augas de Galicia se está a elaborar o proxecto para resolver o problema de desbordamento á altura do Caneiro e na zona da ponte do Noceiro.

A continuación informa que os traballos da roza das gabias se realizan a bo ritmo.

Igualmente informa que esta semana a brigada de obras está a traballar nos diferentes CEIPs para amañar algunhas deficiencias antes de comezar o curso escolar.

Para rematar a súa intervención, don Manuel Marante Gómez informa que se corrixiu a situación do cartel que se colocou no parque da Igrexa e tamén se rectificou a súa redacción, debido a que daba lugar a interpretacións erróneas. Engade que a finalidade é reservar o parque infantil para os nenos e impedir o seu mal uso, sobre todo polas noites. Trátase de respectar esta zona de xogo infantil como o que é.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o pasado día 30 de agosto tivo lugar con grande éxito o festival de Sementeira.

Igualmente, informa que o día 29 de agosto, ás 20.00 horas no auditorio do parque da Igrexa tivo lugar a representación da obra "Non é país para cabaleiros" pola compañía de teatro Ghazafelhos, con grande éxito.

A seguir informa que o vindeiro día 8 de setembro de 2014 se publicarán as actividades da casa da cultura para o seguinte trimestre, entre elas, te en inglés, taller de memoria, tecido, etc. Igualmente, o día 8 de setembro comeza a inscrición para os cursos de informática.

Tamén informa que o día 15 de setembro comeza a inscrición da edición número XXIII das xornadas micolóxicas que terán lugar dende o día 7 ao 10 de outubro.

Igualmente informa que o día 8 de setembro concurso fotos para un calendario municipal.

Para rematar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa que o día 13 de setembro terá lugar no auditorio do parque da Igrexa a actuación de circo infantil por conta da compañía Rúa Activa, que se suspendeu o día 1 de agosto, polo mal tempo metereolóxico.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona María Jesús González Roel informa que dende o día 1 ao 13 de setembro se abre o prazo de inscrición das actividades de encontro e lecer 2014/15 para a terceira idade, actividades interxeneracionais, para menores e persoas con diversidade funcional.

Como novidade deste ano preséntanse os talleres de memoria e reforzo que se impartirán para todas as asociacións integradas maioritariamente por persoas maiores e nos centros da terceira idade. Así mesmo, dirixido a persoas con diversidade funcional realízanse actividades como asistencia a partidos do Real Club Deportivo, no estadio de Riazor, pesca deportiva e magosto.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A continuación, informa que hoxe visitou o CEIP Wenceslao Fernández Flórez e manifesta que as obras están totalmente rematadas e a brigada de obras está a realizar o traslado dos mobles. Engade que faltan pequenas actuacións no exterior, como o solo infantil e obras de mantemento.

Igualmente informa que a escola infantil de Pravio está totalmente remodelada e pendente do novo mobiliario.

Para rematar a súa intervención, dona Maria Jesús González Roel informa que as obras da escola infantil do Temple financiada pola Fundación Amancio Ortega avanza a bo ritmo. Engade que xa está feito o desmonte e igual para o próximo curso está en funcionamento.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria accidental



Verónica María Otero López

C.I.F. P-1501700-G